

RESUME DE EDIPO REI, DE SÓFOCLES

Edipo atopa a un grupo de mozos, dirixidos por un sacerdote, facendo súplicas ós deuses para que termine a peste que está arrasando Tebas. Pregúntalles o que fann, e o sacerdote pídelles que, igual que liberou á cidade da Esfinxe no pasado, tome medidas para que os males do momento rematen. Edipo díilles que xa enviou ó seu cuñado Creonte a consultar o oráculo de Apolo en Delfos, e que está preocupado porque aínda non volveu.

Chega Creonte e informa a Edipo do que lle dixo o oráculo: a peste ha rematar cando se vingue a morte de Laio, o anterior rei. Edipo pregunta como morrera, e Creonte contesta que foi asasinado mentres viaxaba para pedir consello sobre como desfacerse da Esfinxe. Edipo pregunta se non houbo testemuñas do asasinato, e Creonte contesta que un só, o cal dixera que os atacara unha banda de ladróns. Edipo promete averiguar a identidade dos asasinados, sexan quen for.

Intervén o coro para pedir a axuda dos deuses.

Edipo proclama que quen saiba algo do asasinato debe dicilo, baixo pena de ser desterrado. Tamén anuncia os maiores castigos para o autor do crime. O coro dílle que cómpre consultar ó adivino Tiresias. Este acode e dílle que o culpable é el mesmo. Edipo non o acepta e comeza a sospeitar do adiviño, e tamén de Creonte. Tiresias insiste en que hai unha terrible verdade que Edipo descoñece; este, deixándose levar pola ira, dílle que marche.

Intervén o coro para dicir que non pode crer na culpabilidade de Edipo, xa que no pasado liberara a Tebas da Esfinxe.

Edipo acusa a Creonte de conspirar co adiviño Tiresias para destronalo mediante unha falsa acusación. Creonte negao, pero Edipo insiste, ata o punto de ameazalo coa morte. Creonte deféndese e insta a ir ó oráculo de Delfos a confirmar o que dixo sobre o asasinato de Laio.

Aparece Iocasta, e ó ver a Creonte e Edipo discutindo, intercede polo seu irmán. O coro tamén suplica a Edipo que non se obsesione coa culpabilidade de Creonte. Iocasta conta a Edipo a historia do oráculo que predicara que o fillo que tería con Laio mataría ó seu pai; tamén lle conta que ela e Laio impediran que iso acontecese abandonando ó neno nun monte; finalmente, cóntalle as circunstancias da morte de Laio, e que houbera un escravo, un pastor, testemuña do asasinato. Edipo vai xa sospeitando que el pode ser o culpable e pide que o pastor seax chamado para contar o que saiba. Iocasta accede.

Edipo, pola súa parte, conta a historia da súa vida inmediatamente anterior á súa chegada a Tebas. Como, sendo fillo dos reis de Corinto, unha vez nun banquete un individuo lle dixo que non era fillo dos seus pais. Inquieto, acudíu a Delfos, onde el oráculo lle predicíu que mataría a seu pai e casaría coa súa nai. Fuxiu de Corinto para non cumprir la profecía, e nun cruce de camiños matou a uns viaxeiros cos que discutira pola preferencia de paso. Agora sospeita que entre eses viaxeiros puido estar Laio, e teme que, tendo que exiliarse para limpar a súa falta, deba volver a Corinto, onde quizais cumpra a predicción. Iocasta insiste en que o pastor declarara no seu momento que a Laio o matara un grupo de asasinados, e non unha soa persoa. A pesar diso, Edipo segue querendo falar con el.

Intervén de novo o coro realizando unha reflexión filosófica sobre a soberbia e a xustiza, pregando a Zeus que descubra xa o sucedido realmente.

Mentres Iocasta roga a Apolo que aclare xa o misterio, chega un mensaxeiro coa nova de que Pólipo, o rei de Corinto, morreu. Edipo, ó escoitalo, sente un gran alivio, pois cre que xa non poderá cumprirse o oráculo que predicíu a morte do seu pai a mans súas. Con todo, o medo invádeo de novo ó aclararlle o mensaxeiro que Pólipo non era o seu verdadeiro pai: este adoptáralo ó terlle sido entregado por un pastor ó servizo de Laio e que, segundo din, era o mesmo que máis tarde presenciou o asasinato do rei. Iocasta, comezando a comprender o

sucedido, retírase ó interior do pazo, rogando a Edipo que non siga coa súa investigación. Edipo négase, manifestando a súa ansia por conocer xa a verdade.

Comparece o pastor, que, diante da insistencia de Edipo, acaba confesando a verdade: que Laio lle entregara un fillo para que o matase, pero que el o entregara a outro pastor, que á súa vez lo levará ó rei de Corinto. Edipo, caendo na conta de que se trata del mesmo, horrorízase.

O coro láíase do infortunio de Edipo.

Intervén o narrador para relatar ó coro o acontecido no interior do pazo: ó seren conscientes da verdade, locasta aforcouse e Edipo chantou uns broches nos seus propios ollos para, segundo dicía, non ver nunca máis ós seus seres queridos, por ser culpable do máis atroz dos crimes.

Aparece de novo Edipo en escena, xa cego, e láíase do seu destino, en presenza do coro. Chega de novo Creonte, e Edipo suplicálle que o envíe ó desterro, non sen antes pregarlle que lle permita estar coas súas fillas. Estas aparecen e seu pai chora diante delas, volvéndolle a pedir a Creonte que o mande ó exilio.

A traxedia remata cunha intervención do coro, na que advirte ós espectadores que ningún mortal pode considerar que foi feliz ata chegar ó derradeiro dos seus días.